

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
Tlf. 886 15 18 98

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO BAIÓN. VILANOVA DE AROUSA
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: Lingua galega e literatura
DATA: 12-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas poidan interactuar.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental. Na era de internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe.

Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte...

Unido a calquera lingua minorizada hai que ter en conta intereses próximos á sociolingüística, como a valoración dese sistema de expresión e a súa literatura, os textos elaborados nese código como representantes dunha cultura, na que creceron os nosos antepasados e moitos de nós e que cómpre coidar e cultivar.

Os contidos aparecen repartidos en bloques:

O bloque 1, Comunicación Oral.

O bloque 2, Comunicación escrita: ler.

O bloque 3, Comunicación escrita: escribir.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 14	CENTRO: CEIP DE SESTELO BAIÓN- VILANOVA DE AROUSA CURSO: 5º DE PRIMARIA, 2019-2020 MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
--	-------------------	---

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
Tif. 886 15 18 96

O bloque 4, Coñecemento da lingua.

O bloque 5, Educación literaria.

O tratamento de todos estes contidos ten que ser abordado desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deles ten coas competencias clave.

[Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia](#)

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 14	CENTRO: CEIP DE SESTELO BAIÓN- VILANOVA DE AROUSA CURSO: 5º DE PRIMARIA, 2019-2020 MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
--	-------------------	---

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LINGUA GALEGA E LITERATURA 5º DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR	
B1.1. Comprender as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora, con axuda, un resumo.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo. LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.
B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.
B1.3. Interpretar a retranca, a ironía e os dobres sentidos de expresións habituais para o alumnado.	LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos.

CEIP SESTELO-BAIÓ

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
 Tlf: 886 15 18 98

<p>B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p>	<p>LGB1.4.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.</p> <p>LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas.</p> <p>LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.</p> <p>LGB1.4.4. Participa activamente no traballo en grupo, así como nos debates.</p> <p>LGB1.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.</p>
<p>B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.</p>	<p>LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.</p> <p>LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.</p>
<p>B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.</p> <p>LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.</p> <p>LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.</p> <p>LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baión@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

<p>B1.7. Amosar interese por expresarse en público cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.</p>	<p>LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.</p> <p>LGB1.7.2. Elaboro un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.</p> <p>LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.</p> <p>LGB1.7.4. Aмосa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.</p>
<p>B1.8. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.</p>	<p>LGB1.8.1. Elaboro textos sinxelos propios dos medios de comunicación.</p>
<p>B1.9. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe non verbal.</p>	<p>LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal: miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.</p>
<p>B1.10. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.</p>	<p>LGB1.10.1. Aмосa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.</p>
<p>B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>	<p>LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.</p>
<p>B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p>	<p>LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.</p> <p>LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

<p>B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.</p>	<p>LGB1.14.1. Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación...</p> <p>LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>
<p>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER</p>	
<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar con axuda información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) .</p>	<p>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p>LGB2.1.2. Identifica algunhas ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).</p> <p>LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona algunha información concreta dun texto sinxelo, deducindo con axuda o significado de palabras e expresións polo contexto.</p> <p>LGB2.1.6. Identifica con axuda o punto de vista do autor ou autora e diferenza, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente.</p> <p>LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.</p> <p>LGB2.1.8. Fai algunha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.</p>
<p>B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes.</p>	<p>LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

<p>B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir, con axuda, o seu contido.</p>	<p>LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias. LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.</p>
<p>B2.4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura.</p>	<p>LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.</p>
	<p>LGB2.4.2. Relé un texto e marca algunhas palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.</p>
<p>B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.</p>	<p>LGB2.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto sinxelo adecuado á súa idade. LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade. LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.</p>
<p>B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.</p>	<p>LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.</p>
<p>B2.7. Ler textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) en voz alta e coa velocidade adecuada.</p>	<p>LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.</p>
	<p>LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.</p>
	<p>LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

	LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...
	LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.
B2.8. Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con certa autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.	<p>LGB2.8.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.</p> <p>LGB2.8.2. Usa a biblioteca de centro con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.</p> <p>LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con certa autonomía.</p>
B2.9. Ter interese por ter unha biblioteca propia, física ou virtual.	LGB2.9.1. Aмосa interese pola conservación e organización dos seus libros físicos e/ou virtuais.
B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.10.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
B2.11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	<p>LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.</p> <p>LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.</p>
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR	

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baión@edu.xunta.es
Tlf: 886 15 18 98

<p>B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p>	<p>LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, seguindo con axuda un esquema dado.</p> <p>LGB3.1.2. Elabora o texto simple cunha estrutura definida.</p> <p>LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación básicos, axeitados ao nivel.</p> <p>LGB3.1.4. Aplica, de forma habitual as normas gramaticais e ortográficas básicas propias do nivel.</p> <p>LGB3.1.5. Escribe e presenta textos propios elaborando borradores.</p> <p>LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.</p>
<p>B3.2. Crear algúns textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e/ou expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás.</p>	<p>LGB3.2.1. Elabora textos propios da vida cotiá e académica, seguindo unhas pautas</p> <p>LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.</p> <p>LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.</p> <p>LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.</p>
<p>B3.3. Elaborar textos escritos sinxelos propios do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p>	<p>LGB3.3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
 Tlf: 886 15 18 98

<p>B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.</p>	<p>LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.</p> <p>LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.</p> <p>LGB3.4.3. Aprecio polos usos creativos da linguaxe.</p>
<p>B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información.</p>	<p>LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais.</p>
<p>B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.</p>	<p>LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.</p>
<p>B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.</p>	<p>LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.</p> <p>LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p>
<p>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</p>	
<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos.</p>	<p>LGB4.1.1. Recoñece algunhas das categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo e verbo.</p> <p>LGB4.1.2. Conxuga con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.</p> <p>LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.</p> <p>LGB4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: interrogativo, exclamativo, imperativo.</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
 Tlf: 886 15 18 98

<p>B4.2. Aplicar, xeralmente, as normas ortográficas xerais e as de acentuación.</p>	<p>LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais. LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v.</p>
<p>B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación.</p>	<p>LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación. LGB4.3.2. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións. LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.</p>
<p>B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario.</p>	<p>LGB4.7.1. Usa o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.</p>
<p>B4.8. Coñecer, de xeito xeral, as características relevantes da lingua galega.</p>	<p>LGB4.8.1. Coñece, de xeito xeral, as características máis relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega.</p>
	<p>LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p>
<p>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</p>	
<p>B5.1 escoitar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.</p>	<p>LGB5.1.1. escoita textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas).</p>

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36814 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil.	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil. LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.
B5.3. Distinguir os diferentes xéneros literarios.	LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios.	LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
 ceip_sestelo_baión@edu.xunta.es
 Tif.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Avaliarase ao alumnado a partir das avaliacións anteriores e estes procedementos adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Terase en conta a actitude de motivación e esforzo sempre en positivo e a implicación no proceso de ensino-aprendizaxe, a evolución dende a avaliación inicial, os intercambios orais cos alumnos/as, as probas específicas, a observación sistemática e a análise das producións dos alumno/as realizados na aula durante os dous trimestres anteriores.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Asamblea. -Posta en común. -Producións orais. -Caderno individual de clase. -Textos escritos. -Probas obxectivas. -Probas abertas. -Exposición dun tema. -Diario de clase. -Traballos de aplicación e síntese.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> -1ª Avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso. -2ª Avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso. -3ª Avaliación: valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos estándares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Propóñense semanalmente actividades de repaso dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial. Poñerase especial atención á diversidade do alumnado e na atención individualizada -Propóñense tamén semanalmente actividades de ampliación. -Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, propóñense actividades de reforzo, en coordinación co equipo de orientación

CEIP SESTELO-BAIÓN Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa) ceip_sestelo_baión@edu.xunta.es Tif. 886 15 18 93	(departamento de pedagogía terapéutica).
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía será activa e participativa , potenciando a variedade de materiais e de recursos educativos dixitais de calidade para axudar ao alumnado e ás familias nesta situación.
Materiais e recursos	<p>Recursos materiais: Libros de texto físicos do alumnado, libros dixitais, documentos e fichas pdf, descargables, audiovisuais, artigos científicos, enlaces e recursos en rede, ... todo organizado por datas na <u>plataforma Agueiro, ferramenta corporativa de creación de portafolios dixitais educativos.</u></p> <p>Recursos humanos: Profesorado de aula e profesorado de PT e AL.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A través da <u>plataforma Agueiro</u> ferramenta corporativa de creación de portafolios dixitais educativos e/ou por correo de dita plataforma.</p> <p><u>Videoconferencias</u> a través da <u>plataforma de tele-educación coa tecnoloxía Cisco Webex</u>. Novo servizo habilitado pola Xunta de Galicia para o ámbito docente.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.